

# 1 Instalación de Samba4 en Debian

Como comentamos no apartado anterior, configuración dun equipo como controlador de dominio con Samba4 supón dous pasos fundamentais:

1. **Instalación do software de Samba4**, ben en forma de paquete xa compilado para a nosa distribución de Linux ou ben descargando o código fonte e compilándoo para o noso sistema: A partir da versión 8 de Debian poderemos instalar un paquete xa compilado co comando `apt-get` (se non se está seguro de cal é versión de debian instalada, pódese comprobar visualizando o ficheiro `/etc/issue`). Tamén instalaremos e configuraremos o servizo de sincronización de hora (NTP ou *Network Time Protocol*), que aínda que non é imprescindible si é moi conveniente xa que para que o proceso de autenticación con kerberos funcione correctamente os equipos da rede deben ter sincronizada a hora entres eles.
2. **Configuración do servizo Samba4 como controlador dun dominio concreto** e inicialización das estruturas de LDAP e DNS necesarias: Este segundo paso realizáremolo facendo uso da ferramenta `samba-tool`, introducindo os parámetros `domain provision`.

Imos abordar en primeiro lugar o proceso de instalación do software.

## 1.1 Sincronización da hora do sistema por NTP

O protocolo de tempo de rede ou **NTP** permítenos manter sincronizada en todo momento a hora de todos os equipos do dominio. Tendo en conta que o protocolo de autenticación de kerberos fallará se hai un desfase moi grande na hora do equipo cliente e o servidor, desta forma evitaremos problema por unha posible mala configuración da hora nalgún equipo.

Por iso, como primeiro imos instalar e configurar na máquina debian o servizo NTP:

- Instalación do servizo NTP

```
root@server00:~# apt-get install ntp
Lendo as listas de paquetes... Feito
Construíndo a árbore de dependencias
Lendo a información do estado... Feito
Instalaranse os seguintes paquetes extra:
 libopts25
Paquetes suxeridos:
 ntp-doc
Os seguintes paquetes NOVOS hanse instalar:
 libopts25 ntp
0 anovados, 2 instalados, Vanse retirar 0 e deixar 0 sen anovar.
Ten que recibir 635 kB de arquivos.
Despois desta operación ocuparanse 1460 kB de disco adicionais.
Quere continuar [S/n]? S
```

Instalamos o servizo con `apt-get install ntp`



Na páxina <http://www.pool.ntp.org> podemos atopar servidores de NTP en Internet que podemos utilizar para cada país.

```

GNU nano 2.2.6           Ficheiro: /etc/ntp.conf           Modificado
# /etc/ntp.conf, configuration for ntpd; see ntp.conf(5) for help
driftfile /var/lib/ntp/ntp.drift

# Enable this if you want statistics to be logged.
#statsdir /var/log/ntpstats/

statistics loopstats peerstats clockstats
filegen loopstats file loopstats type day enable
filegen peerstats file peerstats type day enable
filegen clockstats file clockstats type day enable

# You do need to talk to an NTP server or two (or three).
#server ntp.your-provider.example

# pool.ntp.org maps to about 1000 low-stratum NTP servers. Your server will
# pick a different set every time it starts up. Please consider joining the
# pool: <http://www.pool.ntp.org/join.html>
server 3.es.pool.ntp.org
server 1.europe.pool.ntp.org
server 3.europe.pool.ntp.org
# Access control configuration; see /usr/share/doc/ntp-doc/html/acopt.html for

```

Editamos o ficheiro `/etc/ntp.conf` para engadir as liñas que se inclúen no final do apartado, que son as que na actualidade se recomandan.

```

root@dserver00:~# service ntp restart
[ ok ] Stopping NTP server: ntpd.
[ ok ] Starting NTP server: ntpd.
root@dserver00:~# █

```

Reiniciamos o servizo NTP con `service ntp restart`

```

root@dserver00:~# ntpq -p
      remote           refid      st t when poll reach  delay  offset  jitter
-----
serv2.martindv. 130.206.3.166  2 u  19  64   1 165.012  -4.492  0.000
troya.cetie.uva 157.88.129.70  2 u  18  64   1  58.162 -13.938  0.000
fw2.engloba.net 130.206.3.166  2 u  17  64   1  77.252  0.925  0.000
81.184.154.182. 88.198.230.201 3 u  16  64   1  96.573 -24.146  0.000
root@dserver00:~# █

```

Con `ntpq -p` podemos comprobar o funcionamento do servizo.

- Liñas engadidas no ficheiro `/etc/ntp.conf`:

```

server 0.europe.pool.ntp.org
server 1.europe.pool.ntp.org
server 2.europe.pool.ntp.org
server 3.europe.pool.ntp.org

```

## 1.2 Instalación de Samba4

Se temos instalada a versión actual de Debian, xa dispoñemos do paquete `samba` que ofrece a versión 4 deste software. Iremos instalar tamén o paquete `smbclient` para poder comprobar dende o propio servidor o funcionamento do servizo de samba e o paquete `winbind` necesario para o funcionamento do servizo de Samba4. Utilizamos o comando `apt-get`:

```
apt-get install samba smbclient winbind
```

Unha vez instalados os paquetes, iremos borrar o ficheiro de configuración que ven por defecto co paquete `samba` (almacenado en `/etc/samba/smb.conf`), xa que para facer a promoción do servizo a controlador de dominio este ficheiro debe estar baleiro.

```
rm /etc/samba/smb.conf
```